

O Alcalde de Ferrol, Ángel Mato Escalona, aprobou no día de hoxe, 13 de marzo deste ano, a seguinte resolución:

“Con data 31 de xaneiro a Organización Mundial da Saúde declarou o brote de SARS_CoV-2 como emerxencia de saúde pública de importancia internacional. Ante a incidencia da situación provocada pola enfermidade coñecida como COVID-19, provocada polo virus citado, en consonancia coas recomendacións do Ministerio de Sanidade e coas feitas públicas no día de hoxe pola Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que me confire o artigo 124.4 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO: O peche ao público das seguintes instalacións titularidade do Concello de Ferrol ou das súas entidades dependentes:

Un.- As instalacións deportivas municipais, tanto as que conforman un recinto pechado, como as instalacións ao aire libre.

Dous.- As Bibliotecas municipais, as oficinas de turismo, a Aula de Ecoloxía Urbana e Aquaciencia.

Tres.- Os centros sociais de 3ª idade e os comedores senior.

Catro.- Os centros culturais e cívicos municipais, Teatro Jofre e Auditorio Municipal.

No resto de instalacións de titularidade municipal, con independencia da fórmula de xestión do recinto, haberán de respectarse as normas, feitas públicas na mañá de hoxe, acordadas pola comisión interdepartamental da Xunta de Galicia no que se refire á celebración de actividades culturais ou recreativas en recintos abertos e pechados en función do seu aforo cando este sexa superior ás 50 persoas.

SEGUNDO: Non se autorizará a instalación ambulante de mercados, feiras e mercadillos.

TERCEIRO: Así mesmo, decrétase o peche de calquera outra instalación xestionada polo Concello de Ferrol análoga ás anteriores e non comprendida na relación do número primeiro anterior, nas que se celebran actividades abertas ao público, agás as dependencias administrativas.

CUARTO: Cancélase a celebración de calquera actividade organizada polo Concello de Ferrol ou as súas entidades dependentes que tivera previsto celebrarse nos recintos respecto dos cales se decreta o peche.

QUINTO: A celebración de cerimoniais matrimoniais que vaian ter lugar no Centro Cultural Torrente Ballester limitará a presenza de persoas, entre o persoal municipal imprescindible para o desenvolvemento do acto, contraentes, testemuñas e persoas convidadas, a un máximo de cincuenta (50).

O mesmo criterio de limitación de persoas presentes seguirase no resto de actividades previstas en dependencias municipais non afectadas polo peche decretado nesta resolución.

SEXTO: O presente Decreto entrará en vigor hoxe, 13 de marzo, e estenderá a súa vixencia ata o 27 de marzo, sen prexuízo da posibilidade de estender os seus efectos a medio de sucesivas prórrogas de vixencia, que serían, no seu caso, publicadas igualmente

SÉTIMO: Comunicar o presente Decreto aos servizos municipais e aos das entidades dependentes, así como ordenar a súa publicación na sede electrónica e na web municipal, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e difundilo entre a poboación."

Comunícaselle a vostede para o seu coñecemento e as efectos oportunos.

13 de marzo de 2020.

A Secretaria

Paula Vázquez Carrasco

